GALICIA 2040. O RETO DEMOGRÁFICO
....
ESCENARIO DEMOGRÁFICO EN GALICIA: CAMBIO DE PARADIGMA E MOBILIDADE DA POBOACIÓN

María Xosé Rodríguez Galdo

Falar de perspectivas demográficas (que prefiro a "reto demográfico" polas connotacións, as máis das veces negativas, que adoitan acompañar o emprego deste termo) referidas a un país como Galicia, inserido plenamente como tal en dinámicas que se prolongan máis ala das que afectan ao conxunto de España e que, coas súas especificidades, teñen proxección no espazo europeo, obriga en primeiro lugar a salientar a importancia e as implicacións de pensarmos o tema desde Galicia. Significa observar primeiro que significado se lle outorga comunmente e que peculiaridades presenta o cambio demográfico na nosa comunidade e calibrar en que medida as súas dinámicas poden analizarse á marxe dos cambios globais que coñecemos.

Obviamente ignoramos o comportamento das variables vitais para describir os trazos demográficos da Galicia do 2040 (pese a utilización frecuente de brillantes exercicios de proxeccións de poboación amplamente cuestionados por profesionais do ámbito da demografía) pero si podemos coñecer ben as actuais dinámicas demográficas, que elementos as determinan, a incidencia de factores que se pensaban alleos ao estudo estático da poboación e mesmo a súa previsible, aínda que incerta, evolución no corto prazo. De maneira especial, e esa parece a vocación do *Foro Económico de Galicia*, pódese contribuír a asentar as bases da

Galicia próspera que se quere e alentar vías que aseguren o benestar e a calidade de vida da súa poboación.

A referencia que se fai no título da miña intervención a "cambio de paradigma" e a "mobilidade da poboación" obedece no primeiro caso a un intento de poñer a atención non só no cambio de modelo demográfico (hoxe xa estamos de cheo nun modelo postransicional) se non dun xeito moi especial a incidir no que implica a *non asunción* deste cambio e, moi especialmente, a forma de entender o fenómeno demográfico. Velaí a teima na perspectiva sistémica que se inclúe nas seguintes páxinas.

No referente á aceptación da significación do cambio vivido non está de máis recordar que, hai ben pouco tempo, un economista e demógrafo como José A. Fernández Cordón abría a presentación da publicación *Demografía sin fronteras* (2020) co lamento pola profusión de "anuncios catastróficos" e do medo "asociado tanto con la explosión demográfica como, en los últimos tiempos, con el declive y el deterioro. La actividad académica y de investigación no ha progresado, por desgracia, al mismo ritmo -insiste- y, sobre todo, no ha conseguido imponer su discurso científico frente a los muchos que, desde disciplinas como la economía o la sociología, abordan los temas demográficos con sesgos variados". Seica unha das razóns podería atoparse en que "aunque el ámbito natural de lo demográfico es el largo plazo, los cambios, que tienen causas lejanas y consecuencias retardadas, se han manifestado con fuerza en las últimas décadas[1].

[1] "Hemos visto -escribe Fernández Cordón-, en menos de diez años (de mediados de los setenta a principios de los ochenta) la fecundidad caer desde los tres hijos por mujer a menos de dos y mantenerse después en niveles que repetidamente se denuncian como insuficientes. El retroceso de la mortalidad, que en España ha sido muy rápido, deja ver ya que cada vez más gente llega a vieja, lo que no pasaba antes, y, en vez de alegrarnos y adaptarnos, clamamos contra el envejecimiento.

A insistencia neste tema obedece á precisa toma en consideración da complexidade da análise demográfica, que esixe combinar o necesario tratamento estatístico e a necesidade de incluír o conxunto de acontecementos que forman parte da evolución da poboación. Cómpre lembrar que *nacemento, defunción, inmigración e emigración* non son os únicos sucesos demográficos. A lista de eventos demográficos é longa e difícil de acoutar: matrimonio, separación, divorcio, emancipación, entrada en actividade…. Os sucesos protagonizados polos individuos dunha poboación constitúen o motor da dinámica demográfica e, en conxunto, defínense como comportamento demográfico. O comportamento e a composición dunha poboación son realidades indisociables. E o tempo é un elemento básico á hora de analizar as poboacións e todos os acontecementos que forman parte da súa evolución.

O obxectivo que guiou o deseño desta xornada do Foro Económico de Galicia foi, non o de buscar modificar as tendencias demográficas, se non ofrecer respostas ás esixencias que aquelas nos presentan: o seu impacto sanitario, a maneira de compaxinar unha vida cada vez máis longa e

---

Cierto que estas alarmas están fomentadas por sectores que aprovechan las circunstancias para imponer sus intereses, pero es cierto también que se apoyan en un gran desconocimiento del sentido de estos cambios, de cómo están ligados y, a su vez, modifican aspectos esenciales de la vida social y económica. En países como el nuestro, estamos ya en las postrimerías de un gran cambio de modelo reproductivo, que sigue su curso hoy en todos los países del planeta. La reproducción de los seres humanos adopta necesariamente formas sociales cambiantes según el entorno económico y social en el que se inscribe. Entender el cambio demográfico es situarlo en relación con las condiciones históricas de la continuidad social. La problemática demográfica actual y, sobre todo, sus lecturas ideologizadas y su instrumentalización pueden afectar a la cohesión social, pilar básico de la continuidad social".

saudable cunha vida laboral cada vez máis breve, a obrigada reconfiguración da igualdade, o impacto ambiental dos nosos comportamentos colectivos, o modelo territorial e urbano, o desemprego e a difícil inserción da mocidade na vida adulta, a dependencia, a forma de enfrontar o final da vida, a conciliación familiar-laboral.. Esixencias que amosan, por outra parte e unha vez máis, as estreitas interrelacións entre demografía e economía.

Polo que respecta ao emprego do termo *mobilidade da poboación* cómpre salientar a súa maior amplitude con respecto ao de migración ao quererse incluír, ademais claro está dos procesos de inmigración e emigración (contemplados tamén no seu curto radio, que están a adquirir unha dimensión cada vez máis importante) tódolos casos de mobilidade por razóns de traballo e a mobilidade residencial que varía fundamentalmente en razón da idade.

I

Teimase decote no campo dos estudos de poboación na necesidade de incorporar unha perspectiva *sistémica* na análise e interpretación dos comportamentos demográficos. Unha visión integral pola que quixo optar o *Foro Económico de Galicia* no deseño de "*Galicia 2040: o Reto Demográfico*" a fin de que puideramos debater sobre o significado e implicacións do *cambio demográfico,* nesta xornada do 6 de marzo de 2020, nun clima reflexivo e sosegado, que serva ao tempo de contrapunto ao alarmismo social que as máis das veces está a rodear os temas de poboación.

A perspectiva sistémica é unha visión amplamente compartida polo Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, presente mesmo no

seu Decreto de creación[2]. Nesta mesma dirección, o informe *Galicia Perspectivas Demográficas* (2018) elaborado no seno do mesmo Observatorio anotaba: "Estase a vivir unha situación nova que entraña a fin do crecemento vexetativo e cambios en profundidade na estrutura de idades, con implicacións que afectan ao conxunto da sociedade. Enfrontar o reto da xestión do cambio demográfico precisa dunha visión sistémica, inherente de seu á análise demográfica".

Non está de máis recordar a xa vella teima da necesaria "interdisciplinariedade da investigación cando se despraza da fase da enumeración e medida dos fenómenos á fase da investigación das causas. Nesta fase non existen máis límites –de especialización, de materias ou outros- que aqueles concernentes á intelixencia de quen investiga e, naturalmente, á súa capacidade de indución e de síntese" (Livi-Bacci, 1993:14). Nun momento máis próximo J. Vinuesa e D. Puga consideraban conveniente "comezar por recoñecer na Demografía- no capítulo 1 de *Técnicas y ejercicios de demografía* (2017)- un dobre carácter, necesario aínda que de complicada convivencia. A súa marcada base estatística anima a aferrarse con forza á seguridade que producen as cifras e aos indicadores obtidos a través de procedementos máis ou menos complexos. Por outro lado, o que mide e trata de explicar pertence a procesos sociais

[2] Decreto 104/2016 do 28 de xullo, a súa vez modificado polo Decreto 68/2017 do 13 se xullo.

Recóllese textualmente no Decreto de 2017 que "a xestión desta situación (cambio demográfico) obriga a adoptar unha visión sistémica e a abordar os distintos desafíos dun modo transversal e interdisciplinar, aspectos que se presentan como un dos retos e tarefas fundamentais de cara ao futuro non só da Xunta de Galicia e do resto de administracións públicas galegas, que deberán incorporar os factores poboacionais no deseño e desenvolvemento das políticas públicas, senón tamén dos axentes sociais e económicos que operan no territorio.

dunha ilimitada complexidade, suxeitos a interpretacións que tan só en teoría poderían quedar libres de subxectivismos".[3]

As consideracións, aquí apenas esbozadas, buscarían facilitar o acercamento á comprensión da significación do cambio demográfico en Galicia e a poder calibrarmos en que medida as dinámicas demográficas da nosa Comunidade se incardinan en modelos máis xerais de modernización, que non se contradín cos elementos que singularizan a súa traxectoria e que, ás veces, chegan a afondar as súas raíces en momentos moi anteriores, de vixencia de distintos sistemas demográficos (Rodríguez e Losada 2004), tendo outros un carácter moito máis recente. Se falamos de consecuencias do cambio demográfico temos que avanzar que a modernización demográfica se presenta igualmente en Galicia como resultado de varios éxitos na lonxevidade e eficiencia reprodutiva (Dopico, 2013) e que, así mesmo, leva consigo consecuencias de distinto signo.

Precísanse modelos demográficos con capacidade de facer entender e explicar os cambios dos tempos actuais e que, polo tanto, terán que ir máis alá da mera descrición[4], nun momento dado, do comportamento das variables vitais, e penetrar así no que constitúe o obxectivo central da análise demográfica, a explicación dun sistema demográfico que se mantén e evoluciona no tempo, que se auto reproduce, e que esixe non limitar o sistema reprodutivo humano a unha mera cuestión de nacementos e na que non se toma en consideración unha compoñente fundamental como é o tempo de vida. Esquécese con frecuencia que, a diferencia da reprodución humana, a reprodución das poboacións non é sen máis asimilable á simple procreación. Obviamente na reprodución das sociedades- reprodución polo tanto nun sentido demográfico e non

[3] En castelán no orixinal.

[4] Como xa advertía M. Livi-Bacci (1993:12) o estudo dos procesos demográficos "representa un camiño difícil e ben cheo de trampas e obstáculos".

individual- os nacementos xogan un papel fundamental pero tamén igualmente os anos que se viven antes de morrer.

Neste preámbulo á presentación do "escenario demográfico en Galicia" non está de máis engadir que nas súas arelas sistémicas os modelos demográficos gardan estreita relación co pensamento científico actual, aval dun coñecemento en rede, onde a análise dinámica das relacións é moito máis importante que o estudo individualizado dos distintos elementos, cuxas verdadeiras propiedades só poden desvelarse a través da súa función no conxunto do sistema.

A análise do cambio demográfico na sociedade galega, insístese no informe *Galicia perspectivas demográficas*, tamén se resiste a ser descomposta en compoñentes illadas, como, por outra parte, xa revelara unha certa tradición de estudos da articulación do seu sistema demográfico na etapa pretransicional (previa ao lento arranque do proceso de modernización demográfica) e na traxectoria, máis que secular, de transición demográfica, coas súas alteracións e permanencias ata tempos ben recentes. Interpretar a súa complexidade actual precisa claramente de novas perspectivas de análise que desboten toda visión estática e pechada en si mesma na análise da poboación. Interpretacións que superen a visión estreita de reducir o réxime demográfico á súa expresión cuantitativa; que incorporen, en definitiva, a visión de que tanto os aspectos cuantitativos como os cualitativos, os estritamente demográficos, como os sociais, políticos, culturais e económicos son de seu parte da poboación e da súa reprodución.

Cómpre decatármonos, por máis que pareza obvio e ben sabido, que, como insiste Livi Bacci na explicación dos fitos definitorios, esenciais, da demografía, "a humanidade vive en contextos físicos, sociais e económicos que se transforman continuamente e requiren capacidade de resposta e de adaptación ás modificacións do ambiente en que vive. E a poboación

–porfía- é parte fundamental destes procesos e o desenvolvemento das súas compoñentes —reprodución e dinámicas familiares, saúde e supervivencia, mobilidade e migracións— son obxecto de continua observación, análise e interpretación" [5].

Nesta presentación convén insistir noutros aspectos ben sabidos, como o é primeiro que o estudo de toda poboación inclúe necesariamente diversas series de índices, gráficos, histogramas, táboas e mapas que reflicten as súas vicisitudes históricas e a súa situación actual. Precísase porén ter en conta o carácter instrumental destas representacións á hora de reflectir unha situación concreta (ou, no seu caso, un continuo histórico dado), que en ningún caso responde a un "modelo idealizado" ao que debería axustarse en todo momento unha determinada poboación.

E segundo, analízase unha situación que se nos mostra como o resultado de multitude de factores xeográficos, socioeconómicos e culturais, e, ao tempo, como un condicionante (que non determinante) do comportamento futuro destes mesmos factores; máis porén, e pese a abundancia, necesaria, de datos numéricos, a análise da poboación non debe esquecer que trata de persoas concretas, dotadas dunha conciencia singular, que coexisten nun espazo territorial concreto, adoptan uns marcos organizativos e unhas estruturas sociais comúns e comparten aspectos fundamentais na súa visión da realidade. "Prerrogativas – en palabras de novo de Livi Bacci- que constitúen o capital humano, que son primeiro individuais e logo colectivas: das familias, dos grupos sociais, dos pobos, e entre as que están a capacidade de decidir o número de descendentes, o momento do seu nacemento ou o intervalo entre eles, de constituír unha unión e crear unha familia, de coñecer e coidar o propio corpo, de moverse no seu territorio ou cambiar o seu lugar de residencia". Mesmo desenvolver

[5] Tradución ao galego da súa publicación en castelán. E o mesmo en tódalas citas que seguen deste mesmo autor.

e reforzar tales prerrogativas –anota- "determinan un mellor funcionamento do sistema demográfico e da súa capacidade de adaptarse á modificación das constricións externas debidas a un shock económico, unha crise social, unha catástrofe natural ou unha epidemia".

Dicíase no informe *Galicia, perspectivas demográficas* que as cifras estatísticas son datos obxectivos, indiscutibles cando a calidade da fonte é excelente. Mais a forma na que se definen os indicadores e a análise destes é susceptible de múltiples interpretacións. Cando se pretende avanzar na construción dun espazo de reflexión que ofreza un marco axeitado para a posterior discusión e elaboración de políticas que dean resposta aos retos da situación actual, contribuíndo así á mellora da gobernanza, convértese nun deber[6] cuestionármonos, así mesmo, os tópicos e as rutinas académicas ou sociais, tan presentes nos estudos de poboación.

A necesaria interdisciplinariedade que esixe a abordaxe dos cambios actuais incorpora tamén o reto para os estudos de poboación –como en xeral sucede en tódalas ciencias sociais- de prestar especial coidado aos aspectos conceptuais e metodolóxicos polo emprego de termos compartidos e mesmo idénticos aos da linguaxe común. Un bo exemplo témolo xa co sucedido co termo "envellecemento". Decatémonos de que en demografía a expresión "envellecemento demográfico" é unívoca e clara: trátase dun cambio na estrutura por idades, sensible polo aumento da idade media poboacional ou, máis simplemente, do peso das persoas de máis idade; mentres que na linguaxe común pesan máis no envellecemento as connotacións negativas. A mesma denominación de envellecemento referida ás poboacións préstase a un grave equívoco, porque as poboacións non envellecen; quen envellecen son as persoas. O termo propicia que se confundan as poboacións coas persoas e se apliquen etapas vitais –que se acompañan ademais dunha forte carga patolóxica-

[6] *Deber* entendido como o deber cidadán de socializar o coñecemento.

que corresponderían a estas a aquelas. E nada autoriza a atribuír ás poboacións as mesmas etapas polas que transitan os individuos ao longo das súas vidas, pois as poboacións non están suxeitas a predeterminadas traxectorias vitais como nacer, crecer, madurar, envellecer e desaparecer.

Tampouco escapa o termo envellecemento aos estereotipos que viñeron afectando, coma se se tratase ademais dun colectivo homoxéneo, á poboación lonxeva[7]: dependencia, enfermidade, soidade, pobreza... Fronte a estas visións non sorprende a serie de accións desenvolvidas dende a Organización Mundial da Saúde (OMS) tendentes á adopción de medidas políticas, e de saúde en particular, en relación primeiro ao envellecemento activo e saudable e nos últimos anos prestando especial atención á cronicidade. É de salientar que a nosa comunidade autónoma estableceu que un dos tres retos fixados na RIS3[8] de Galicia se centre "nun novo modelo de vida saudable cimentada no envellecemento activo da poboación"[9].

---

[7] Aspectos amplamente tratados en M.X. Rodríguez Galdo et al. (2014): *Donantes de Tiempo. Una valoración en perspectiva de género del trabajo de cuidados y de la aportación al bienestar por parte de las personas longevas.* Instituto de la Mujer. Recuperado de http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/estudios/estudioslinea2014/docs/Donantes_tiempo.pdf

[8] A través da Estratexia Europa 2020, que busca un crecemento intelixente, sustentable e integrador, a UE estableceu unha serie de ambiciosos obxectivos. Nesta liña a Comisión Europea solicitou aos gobernos (no caso de España, goberno central e gobernos autonómicos) a preparación de Estratexias de Especialización Intelixente (RIS3) que permitan unha maior eficacia dos Fondos Estruturais.

[9] A RIS3 (Estratexia de Especialización Intelixente, da Unión Europea), como se recolle textualmente no documento da UE, "centra os esforzos de desenvolvemento económico e os investimentos nos puntos fortes relativos de cada rexión, para aproveitar as súas oportunidades económicas e tendencias emerxentes, e tomar medidas para impulsar o seu crecemento económico".

Unha visión do envellecemento por parte da Administración galega que habería significar unha clara aposta pola súa abordaxe en positivo, o que claramente habería traducirse en non deixar nun segundo plano os retos de moi diversa índole que tal proceso entraña.

Dende os ámbitos científicos e académicos que estudan as dinámicas poboacionais, teimase en que as alarmas desatadas en torno ao "envellecemento da poboación" tan só teñen explicación na deficiente comprensión dos cambios poboacionais. Unhas mudas profusamente analizadas para a nosa Comunidade por cinco equipos de traballo no Informe *Galicia, perspectivas demográficas* do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica[10]. E nesta andaina de enfrontar o significado e a xestión do cambio demográfico, no que o "envellecemento" é tan só unha parte e se cadra non a máis representativa, contamos cunha vantaxe inicial ben importante. A preocupación pola "demografía galega" insírese amplamente na axenda política e está na opinión pública. Involucra a actores sociais, institucionais, empresariais e asociativos. Cómpre aproveitar este clima de interese para podermos avanzar, como é o obxectivo fixado neste *Foro*, en achegar elementos de análise para un mellor coñecemento das causas, circunstancias e expectativas asociadas á ampliación dos anos de vida na nosa Comunidade. Quérese colaborar a superar o notable desfase entre as percepcións sociais do "envellecemento", a evidencia científica e a adaptación institucional.

[10] A primeira parte do devandito informe contén unha ampla descrición e análise das dinámicas demográficas en Galicia que deberían permitir afondar na comprensión e alcance do actual cambio demográfico. Asemade o DAFO-CAME, que completa o anterior Informe e que foi presentado en decembro de 2018, ofrece unha visión completa e integrada dos diversos elementos implicados na dinámica demográfica de Galicia.

II

As profundas alteracións que viñeron afectando aos principais axentes da dinámica da poboación (nacementos e defuncións) condicionaron tanto a evolución da poboación como a súa estrutura e características básicas. Abundante material empírico corrobora que os comportamentos de ambas variables están profundamente interrelacionados e que mortalidade e fecundidade se constitúen nos principais determinantes do cambio demográfico (cada vez máis xuntamente coas migracións) que, a súa vez, entraña modificacións de aspectos esenciais da vida persoal (con cambios notables no curso de vida), así como da social e económica.

En Galicia, como no conxunto de España, o retroceso da mortalidade -aínda tratándose dun proceso secular- debuxa nos últimos tempos unha forte aceleración o que se traduce nunha prolongación da vida ata límites insospeitados hai poucas décadas. As persoas que viven en Galicia gozan dunha das esperanzas de vida ao nacer máis altas do planeta. Nun tempo historicamente moi corto, a esperanza de vida pasou dos 40,9 anos de media para os dous sexos en 1900, aos 72,96 de 1975 e aos 83,34 de 2018 segundo as últimas estimacións do IGE. É de salientar que Galicia acadara xa nos anos de 1960 e 70 unha esperanza de vida (70,2 anos e 72,6 nas datas respectivas) semellante á dos países occidentais, moito antes de gozar dun nivel de desenvolvemento económico e social equivalente.

O diferencial na esperanza de vida entre homes e mulleres mantívose, poderíase dicir, en paralelo dende o último cuarto do pasado século. E se en 1975 a esperanza de vida era de 69,83 anos para os homes e 75,92 para as mulleres, en 2018 a esperanza de vida dos homes era de 80,18 anos e de

86,4 para as mulleres, observándose entre o ano 2000 e o 2018 unha lixeira redución no diferencial entre ambos sexos.

FIGURA 1. Esperanza de vida ao nacemento. Galicia, 1975-2017



Fonte: Elaboración propia a partires de datos do INE.

Este aumento continuo da esperanza de vida mantén relación cos moi baixos niveis de mortalidade infantil, que en 2018 se sitúan en 2,36 por cada 1.000 individuos nados vivos.

A evolución dos indicadores de mortalidade infantil nos últimos anos amosa a aproximación a unha base difícil de mellorar ao igual que practicamente desapareceron as diferencias co conxunto español.

Asístese, por outra banda, a un gran cambio de modelo reprodutivo. Pasouse dun sistema de baixa produtividade, que precisaba de moitos nacementos para asegurar a renovación da poboación e a súa capacidade produtiva -debido ás moi elevadas mortes rexistradas a idades infantís e xuvenís-, a unha modalidade que cómpre cualificar de gran eficacia, na medida en que a maior supervivencia a tódalas idades permite un rendemento máximo, en termos de poboación en idade de traballar. O que non quere dicir que unha sociedade lonxeva, como a nosa, que

conseguiu reducir a un mínimo os anos de maior capacidade produtiva perdidos por mortalidade non enfronte importantes retos, entre os que cómpre salientar a evolución da saúde e a redución das desigualdades na mortalidade e na saúde.

FIGURA 2

Evolución das defuncións por grupos de idade. Galicia
Unidade: porcentaxes



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2019 datos provisionais

A observación da evolución da mortalidade foi perdendo parte da súa capacidade explicativa á hora de medir a saúde e o benestar da poboación, en parte debido a importancia crecente das enfermidades crónicas.

FIGURA 3



Fuente: Eurostat

Nesta perspectiva, o aumento da esperanza de vida ocorrido nas últimas décadas provocou que o interese non se centre só no aumento dos anos de vida, senón en saber se tal aumento se produce á conta de anos en boa saúde ou, pola contra, á conta dun aumento da morbilidade e a mala saúde (de aí o interese dos datos aportados por Eurostat para a UE").

O outro reto que enfronta a poboación galega en termos de mortalidade é o de conseguir reducir as desigualdades sociais ante a morte. Pódese deducir que, do mesmo xeito que no resto de poboacións, no caso galego existen diferenzas en mortalidade segundo o grupo social de pertenza. Nivel de estudos, lugar de residencia, clase social ou ser home ou muller, determinan a cantidade de anos por vivir e a calidade coa que se vivan os mesmos.

As dúas principais particularidades demográficas de Galicia son hoxe en día o seu baixo índice de fecundidade e os efectos, que se prolongan ata tempos actuais, do seu plurisecular pasado migratorio(Rodríguez, 1993; Losada, 2000). De feito, o oscilante cambio de signo no balance

emigración/inmigración é un dos fitos máis relevantes da poboación galega das últimas décadas (Rodríguez, Freire, Losada, 2011).

Tasa global de fecundidad, por región[13], 2018



É preciso salientar que o índice de fecundidade, pese a formar parte dun fenómeno mundial, é un dos máis baixos do mundo. Este proceso, que alcanza en Galicia niveis máis acusados de descenso que no conxunto español (en 2019 situábase en 1,04), é observable xa desde a década de 1970. Proceso que, sumado á importante emigración de mulleres en idade fértil nas décadas anteriores (décadas 1950-1970), explica en gran medida o forte envellecemento da súa poboación.

Galicia así mesmo participa, con algúns matices, da pauta de evolución da fecundidade que caracteriza aos países do sur de Europa, como ben reflicte o mapa anterior, que mantiveran unha natalidade vigorosa, en termos comparativos, ata a década dos setenta, entrando de seguido nunha fase de abrupto descenso que situou as súas taxas de fecundidade nos niveis máis baixos dos países industrializados do mundo, onde seguen hoxe. De todos estes países se afirma que están a experimentar "o síndrome de fecundidade moi baixa" expresión que sería de máis certeira aplicación a España entre os países do sur, e aínda en maior medida a Galicia.

A fecundidade das mulleres galegas xa fora baixa en relación coa das españolas dende o século XIX. Entra na fase depresiva da fecundidade das últimas tres décadas con valores particularmente reducidos: 2,26 nacementos por muller en 1970 fronte aos 2,86 da media española. Dende finais da década dos anos setenta do século pasado prodúcese unha mingua continuada no tamaño das xeracións: dos 45.000 nacementos á altura de 1976 (xa na etapa final do baby boom en Galicia) aos 18.000 de finais dos noventa e aos pouco máis de 20.000 a partir de 2004, nun descenso persistente, aínda que a pendente da curva se suaviza a partir de 1986 e nos últimos anos parece que tiñamos alcanzado unha zona de suave ascenso, xa interrompida. Esta pauta é compartida por algunhas comunidades autónomas españolas, como Asturias, Cantabria, Castela León ou o País Vasco. En xeral, a España do Norte presenta valores por baixo da España do Sur ou a insular.

Para achegármonos á comprensión do comportamento da natalidade é preciso non limitarnos a analizar o número de nacementos nun momento dado, cando sabemos que a reprodución hai que considerala nas súas dúas compoñentes de natalidade e mortalidade. Pensemos que cada nacemento hoxe en Galicia, no seu número de anos de vida "conta" como

algo máis do dobre dos que nacían en 1900, cando a esperanza de vida era de 40,9 anos; e iso sen contar que naquel comezo de século un neno ou nena de cada cinco morría antes de cumprir o seu primeiro aniversario e a metade non chegaba a cumprir quince.

Nas últimas décadas a diminución da fecundidade acompañouse en Galicia, como na xeneralidade das áreas desenvolvidas, de importantes cambios que afectan ao papel das mulleres e á familia[11]. Cambios que van ligados á permanencia das mulleres no mercado de traballo, ao seu novo papel na sociedade e á transformación da organización da reprodución demográfica. Coa progresiva, e hoxe moi significativa, presenza das mulleres no mercado laboral e a súa crecente conquista do espazo público, a articulación entre familia e traballo eríxese nunha problemática central, ao descansar tradicionalmente nas mulleres a atención aos coidados familiares, un tema amplamente documentado para Galicia (Rodríguez et al. 2008). Cambios que nos países da nosa contorna non están a conducir ao declive "demográfico e económico", como sosteñen as visións máis pesimistas.

Dende o momento no que a fecundidade cae redúcense o número dos nacementos en nais menores de vinte cinco anos e aumenta a proporción en nais de entre vinte e cinco e trinta e cinco anos e inclusive máis alá. Pero tamén mingua o número de nacementos nas mulleres de máis de corenta anos.

A idade media á primeira maternidade experimenta unha progresiva variación á alza, pasando de 27,7 anos en 1989 a 30,19 anos en 2008 e 33,27 no 2019.

[11] Inclúense unhas notas sobre fogares e cambios na composición familiar en apéndice.

FIGURA 4

Distribución dos nacementos segundo o grupo de idade da nai. Galicia
Unidade: porcentaxes



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación.Ano 2019 datos provisionais(descarga da táboa)

Convén salientar o efecto combinado do atraso na fecundidade e na emancipación da xente nova, aspecto amplamente tratado en *Galicia, perspectivas demográficas*. Verbo da emancipación engádense unhas notas pola súa significación e a incidencia que o retraso na constitución de novos fogares teña sobre a fecundidade xeral.

A *emancipación* é o fenómeno relativo a saída da mocidade do fogar familiar para formar ou pasar a integrarse en fogares diferentes. Como tal

fenómeno demográfico ten unha gran transcendencia social, fortes vinculacións co mercado laboral e efectos sobre a demanda de vivenda. A eiva principal no seu estudo reside na falta de información estatística xa que a emancipación, como "suceso", non da lugar a ningún rexistro estatístico[12].

Pode definirse a emancipación, desde a perspectiva da análise demográfica dos fogares, como o cambio desde a "posición" de filla ou fillo que vive co seu pai e nai (se se trata de ambos, ou de pai ou nai soa) a calquera outra fora do núcleo familiar ao que pertencía. Pode dicirse que o feito de independizarse do fogar familiar é un acto de carácter "natural" e que como tal se produce nun período determinado do curso de vida persoal que, sen embargo, non ten uns límites concretos. Asociouse tradicionalmente ao inicio da idade adulta e estatisticamente rexistra unha gran coincidencia co matrimonio ou a formación de parella.

Sobre o inicio do período de emancipación resulta evidente que a día de hoxe a maioría de idade legal (18 anos) non mostra adecuación co comezo do período de emancipación; parece unha idade excesivamente temperán para os usos sociais actuais. Máis complicado aínda resulta tratar de establecer o límite superior debido a evolución da data da moda segundo circunstancias sociais, económicas e culturais moi diversas.

A ampliación do período de estudos e o retraso na incorporación á actividade laboral, a conxuntura do mercado de traballo, a maior ou menor accesibilidade a unha vivenda ou as actitudes familiares definen as circunstancias que regulan o calendario da emancipación. Segundo datos

[12] A diferencia do que acontece cos principais fenómenos demográficos no caso da emancipación a falta de información sobre a mesma como "suceso" dificulta unha análise da intensidade dos fluxos (aspecto no que insisten Vinuesa e Puga, 2017).

do "Observatorio de la Emancipación del Consejo de la Juventud de España" no coarto trimestre de 2018 menos da metade das persoas mozas de Galicia eran "activas" no mercado de traballo, o que é dicir que estaban traballando ou estaban na procura de traballo. No caso de estar ocupando un posto de traballo, insiste o Observatorio da Emancipación en que o risco de que estean subocupadas e sobrecualificadas é superior no caso da mocidade galega ao da maioría das comunidades autónomas[13].

No referente á variación no número de nacementos, na Táboa 1 pódese ver como o número medio de fillos/as por muller se foi reducindo en Galicia dende valores semellantes aos de España, como os 2,27 de 1970, aos 1,04 de 2018, pasando por valores como os dos anos 1995 a 2002, nos que non se alcanzaba nin a metade da considerada teórica taxa de reemprazo xeracional (2,1)[14]. Mais, se efectivamente partimos de que o problema

[13] Engádese por outra parte, o que se amosaría como un aparente paradoxo, que o 20,4 por cento das persoas de entre 16 e 29 anos de Galicia que xa non residen no domicilio familiar están a ocupar vivendas de propiedade totalmente pagada sendo esta a proporción máis elevada de toda España. Sen embargo as que viven de aluguer apenas alcanzan o 50,2 por cento mentres que a media española é case dez puntos superior.

[14] Moi cuestionada esta taxa dende o ámbito da demografía e sen embargo cada vez máis empregada en medios de comunicación, ámbitos políticos e ata académicos. J. Pérez Díaz critica a "formulación e popularización da mal chamada «taxa de reemprazo», referida ao indicador de fecundidade de 2,1 fillos por muller como o umbral mínimo necesario para a reprodución das xeracións". En realidade –engade-, "mesmo en ausencia de migracións, os demógrafos sabemos que esa afirmación non é certa, xa que a esperanza de vida ten un papel na reprodución das xeracións e no mantemento do volume dunha poboación, de modo que cunha esperanza de vida crecente, aínda que o índice sintético de fecundidade se sitúe por baixo dese limiar do 2,1, a poboación non ten por que

da evolución dunha poboación equivale ao da reprodución das xeracións que a compoñen cómpre ver que significado ten o termo de reemprazo xeracional. "O concepto de substitución das xeracións popularizouse- sostén J. A. Fernández Cordón (1995), ata cristalizar hoxe nunha frecuente referencia ao valor da fecundidade que o garante, o valor mítico de 2,1 fillos/fillas por muller que se pode atopar ata na prensa cotiá". E engade. "o uso deste concepto aplicado á fecundidade dun ano, unha medida transversal, é inapropiado aínda que está, desgraciadamente, moi estendido. Pero mesmo aplicado, como se debe, á fecundidade das xeracións, o concepto de substitución non é tan sinxelo como parece[15]. As reflexións anteriores advírtennos da conveniencia de usar con máis prudencia o xa famoso valor do índice de reprodución de 2,1 nacementos por muller.

TÁBOA 1. Índice sintético de fecundidade. Galicia e España.

	Galicia	España		Galicia	España		Galicia	España
1970	2,27	2,28	1989	1,22	1,40	2004	1,00	1,32
1975	2,33	2,77	1990	1,17	1,36	2005	1,02	1,33
1976	2,38	2,77	1991	1,14	1,33	2006	1,04	1,36
1977	2,32	2,65	1992	1,11	1,31	2007	1,06	1,38
1978	2,32	2,54	1993	1,08	1,26	2008	1,13	1,44
1979	2,17	2,37	1994	1,00	1,19	2009	1,10	1,38
1980	2,06	2,21	1995	0,94	1,16	2010	1,09	1,37
1981	1,91	2,04	1996	0,93	1,14	2011	1,08	1,34
1982	1,79	1,94	1997	0,93	1,15	2012	1,08	1,32
1983	1,67	1,80	1998	0,92	1,13	2013	1,04	1,27
1984	1,59	1,72	1999	0,93	1,16	2014	1,07	1,32
1985	1,48	1,64	2000	0,96	1,21	2015	1,10	1,33
1986	1,36	1,55	2001	0,95	1,24	2016	1,12	1,34
1987	1,34	1,49	2002	0,95	1,25	2017	1,12	1,31

decrecer forzosamente, nin moito menos extinguirse. Pois ben, a aparente simplicidade e robustez do indicador revela a convención de dar ás actitudes reprodutivas da parella, e aínda máis ás individuais das mulleres, nin máis nin menos que a responsabilidade da sustentabilidade dunha poboación".

[15] Desenvolve amplamente o tema na súa Comunicación ao IV Congreso de la Asociación de Demografía Histórica, celebrado en Bilbao en setembro de 1995.

1988	1,27	1,45	2003	1,00	1,30	2018	1,04.	1,26
						2019	1,02.	1,23

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE) e Instituto Nacional de Estatística (INE).

Cabería esperar que o índice sintético de fecundidade non siga descendo máis en Galicia a tenor da leve recuperación sinalada aínda que debuxe oscilacións. A realidade, non obstante non sempre se comporta de acordo coas razoables previsións de científicas e científicos sociais. Cómpre termos en conta que na explicación do comportamento da fecundidade é preciso atender ás relacións entre cambios nos roles de xénero, cambios nas familias, cambios nos mercados de traballo... e a fecundidade.

FIGURA 4.

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia. 1975-2019
Unidade: número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación.Ano 2019 datos provisionais

O comportamento da natalidade, é a responsable, xuntamente coa

superior taxa bruta de mortalidade (TBM), de que desde finais da década de 1980 o saldo vexetativo sexa negativo.
Nun período longo de observación o crecemento dos efectivos da poboación galega foi e está a ser menor que o crecemento medio da poboación española (táboa 2). Apreciase na táboa que a taxa de crecemento acumulativo anual reflicte uns valores cada vez menores, distanciándose progresivamente da taxa española.

TÁBOA 2. Crecemento acumulativo anual da poboación (%). Galicia e España.

	Galicia	España
1860-1877	0,21	0,47
1877-1887	0,25	0,55
1887-1900	0,34	0,45
1900-1910	0,41	0,71
1910-1920	0,29	0,68
1920-1930	0,49	1,02
1930-1940	1,13	0,95
1940-1950	0,43	0,78
1950-1960	-0,01	0,84
1960-1970	-0,07	1,05
1970-1981	0,58	0,97
1981-1991	-0,12	0,44
1991-2001	0,005	0,56
2001-2011	0,23	1,39
2011-2018	-0,45	-0,19

Fonte: elaboración propia a partir dos censos e padróns correspondentes.

Hai só dez anos, a traxectoria que debuxaba o crecemento da poboación non impedía que Galicia se percibise como un territorio intensamente habitado, cunha densidade de poboación (94,1 habitantes por km^2) equiparable a moitas zonas europeas altamente desenvolvidas, e que aínda superaba a media española (89,5 habitantes por km^2 en 2008). Sen embargo, en 2017 a densidade de poboación en Galicia caera a 91,58

hab/km^2 e xa non superaba á densidade media española que, pola contra, aumentara a 92,04 hab/km^2.

As variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno migratorio e de inmigración[16] apenas logran compensar, e non sempre, os balances negativos do crecemento vexetativo, así como recobra importancia a emigración. No período intercensal 2001-2011, mentres a poboación galega aumentou un 2,29%, a española fíxoo nun 14,77%. Pola contra, nos seis anos do intervalo 2011-2017 a poboación galega tivo un descenso conxunto do 3,12%, mentres a poboación española limitaba o seu decrecemento ao 1,31%.

Tanto a estrutura demográfica de Galicia como o comportamento das variables permanece aínda afectado polos intensos procesos migratorios que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e, en fervenza, mudou tódalas variables[17]. A pegada da emigración reflíctese na estrutura de idades, de maneira especial nas áreas rurais. Na táboa 3

---

[16] Cómpre ter en conta que o *Padrón Municipal de Habitantes* anota como inmigrante a toda persoa nacida no estranxeiro, con independencia de que a súa nacionalidade sexa española ou corresponda a outro país. No *Padrón* prima o criterio de "desprazamento" por riba do de "nacionalidade" no canto de asignar a categoría de inmigrante, circunstancia de especial significación no caso galego pola importancia, xa meramente cuantitativa, do "retorno". A este respecto, recordemos que Galicia foi no 2006 a terceira Comunidade Autónoma (despois de Madrid e Cataluña) que recibiu máis españois procedentes do estranxeiro, co 15,8% do total, mentres que a importancia relativa dos estranxeiros (se adoptamos o criterio de nacionalidade) que chegaran nesa mesma data a Galicia sitúase tan só en torno ao 2,1%.

[17] Hai que lembrar que so entre 1951 e 1970 o saldo migratorio evidencia a perda de 466.000 habitantes (Rodríguez, 1993).

pódese observar como en termos de movemento natural (vexetativo) se rexistran importantes saldos negativos en tódalas provincias.

TÁBOA 3. Movemento Natural da Poboación 2008 e 2018

Ano		Nacementos	Defuncións	Saldo
2008	A Coruña	9773	11521	-1748
	Lugo	2197	4787	-2590
	Ourense	2136	4615	-2480
	Pontevedra	8957	8365	592
	Galicia	23062	29288	-6226
2018	A Coruña	7132	130986	-5966
	Lugo	1959	5086	-3127
	Ourense	1486	4736	-3250
	Pontevedra	5983	9499	-3516
	Galicia	16560	32419	-15859

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

A análise da distribución territorial da natalidade a nivel provincial e municipal confirma a tendencia á concentración da poboación, especialmente a poboación máis nova -en idade fértil- nas provincias occidentais e nos concellos litorais e urbanos ou das súas contornas. Pola contra, a distribución da mortalidade é oposta, con maiores taxas nas provincias orientais e nos concellos interiores e máis afastados das áreas urbanas.

En canto ao saldo natural ou crecemento vexetativo, os saldos positivos quedan cada vez máis reducidos ás contornas das cidades de A Coruña, Vigo, Santiago, Pontevedra e Ourense, en concellos que actúan como áreas residenciais da poboación moza que atopa neles residencia a menor prezo. No mapa 1 preséntanse os saldos de 2017. Só trece concellos teñen saldo positivo e tres teñen saldo cero.

MAPA 1. Crecemento vexetativo dos municipios de Galicia, 2017



Se da observación do crecemento vexetativo, moi influenciado así mesmo pola estrutura de idades da poboación, pasamos á análise do crecemento real atopámonos en Galicia co aparente paradoxo de asistirmos a unha certa estabilidade da poboación global ata tempos ben recentes. A evolución da poboación pode observarse na seguinte representación gráfica.

FIGURA 5. Evolución da poboación de Galicia por sexos, 1975-2018.



Fonte: Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes
Nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do padrón.

FIGURA 6. Evolución da poboación en Galicia dende 1900



A 1 de xaneiro de 2019 contaba Galicia con 2.699.499 habitantes (1.400.535 mulleres e 1.298.964 homes), o que a sitúa en España como a quinta comunidade autónoma por número de habitantes. Alcanzara en 1991 os 2.698.875 habitantes, case os mesmos que no 2001. O número de persoas residentes en Galicia a principios de 2006 elevábase a 2.767.524, para incrementarse ata 2.772.533 en 2007, significando un incremento de 5.009 persoas entre estas últimas dúas datas. As cifras de 2006 representan un incremento de 7.345 con respecto a principios de 2005, que se limitaba a 2.760.179, a súa vez 9.194 máis que a comezos de 2004. Os datos de 2017, 2018 e 2019 fálannos xa, como deixamos sinalado, dun descenso, se ben aínda non pronunciado, con respecto a 2007.

Das cifras anteriores pode deducirse a importancia do ciclo económico na evolución da poboación, tanto vía chegada de poboación de fora como por incremento do número de nacementos. A este respecto, dos datos da *Encuesta de Fecundidad* 2018 do INE tírase que case a metade das mulleres españolas de idades comprendidas entre dezaoito e cincuenta e cinco anos, incluídas aquelas que xa teñen fillos, desexan ter dous fillos en total. As porcentaxes máis elevadas, do 48,0%, danse entre as de vinte cinco a vinte nove anos e nas de corenta e máis. Pola súa banda, a porcentaxe de mulleres que queren ter tres fillos rolda o 25%, aínda que supera o 27,0% nas maiores de trinta e cinco anos. Se se suman estes dous grupos, resulta que case tres de cada catro mulleres queren ter polo menos dous fillos. Unha novidade importante desta nova enquisa é que a sondaxe inclúe aos varóns. Como sucede coas mulleres tamén eles queren ter dous fillos: case a metade dos que teñen de vinte cinco a trinta e nove anos e máis da metade para o resto.

Como é ben coñecido, outro elemento esencial na caracterización demográfica de Galicia é a localización da poboación no territorio, que

mantén un elevado grao de fragmentación e dispersión nos seus asentamentos poboacionais e que ao tempo convive cun acusado proceso de concentración.

A dispersión preséntase máis acusada nas áreas próximas á costa e diminúe a medida que avanzamos cara o interior, dando lugar a aparición de dous grandes escenarios, un de zonas con elevada densidade e con poboación dispersa, e o outro de zonas moito menos poboadas nas que a poboación está máis concentrada, cun menor número de núcleos por unidade de superficie. Este aumento na concentración da poboación, leve pero continuo no transcorrer das tres últimas décadas, foi debido á emigración, principalmente, cara aos centros comarcais. Os conseguintes procesos de despoboación, por outra parte xa moi visibles nas comarcas do interior do país desde a década dos sesenta, afectan hoxe a todos os municipios rurais, en especial aos máis afastados das grandes vías de comunicación[18].

A fragmentación dos asentamentos poboacionais é un dos trazos territoriais máis singulares de Galicia que conta con 3.772 das 4.920 entidades colectivas que hai en España e con máis de 30 mil entidades singulares, preto da metade (48,9%) das entidades singulares que hai en España, e máis da metade dos diseminados españois. O 41,8 por cento destes diseminados atópase na provincia de Lugo e o 31,4 por cento na da Coruña.

Os cambios demográficos e económicos ocorridos ao longo da segunda metade do século XX provocaron o tránsito dun modelo de asentamentos rurais baseado na agricultura a outro de predominio urbano. Este proceso levou a unha concentración da poboación nas principais áreas urbanas,

[18] E canto menor é a escala poboacional, maior é o papel das migracións para explicar a súa estrutura de idade, fortemente avellentada.

sinaladamente no eixo atlántico, na Mariña Lucense, nos concellos interiores de Lugo, Ourense e Santiago e nalgunhas vilas repartidas polo territorio[19]. As unidades locais[20] que teñen máis de 3.000 habitantes (131) concentran o 58 por cento da poboación galega. Estas cento trinta e unha unidades locais só ocupan o tres por cento do territorio.

Hoxe Galicia é fundamentalmente urbana como se desprende da clasificación sobre o grao de urbanización proposta polo Instituto Galego de Estatística (IGE): máis do 50,1 por cento da poboación vive en zonas densamente poboadas (ZDP) ou en zonas intermedias pero cun grao de urbanización alto (ZIP alta), ocupando a poboación o 2 por cento da superficie do territorio galego; mentres que nas zonas cun grao de urbanización que o IGE define como intermedio (ZIP baixa, ZPP[21] alta, ZPP intermedia e ZPP baixa) vive o 26,3 por cento da poboación nun 10,4 por cento da superficie. A zona propiamente rural galega (ZPP superbaixa) ocupa o 87,5 por cento da superficie, con menos do 23,7 por cento da poboación.

As zonas densamente poboadas e intermedias correspóndense coas áreas dos nove concellos máis grandes de Galicia[22]. As zonas intermedias unen a área densamente poboada de Ferrol-Narón coa zona da Coruña, ata Carballo. Tamén unen Santiago co sur da provincia de Pontevedra pola costa. Moitas son zonas que non pertencen propiamente a periferias urbanas pero si están baixo a súa influencia pola existencia de importantes vías de comunicación. Nesta zona intermedia tamén se inclúen espazos que

[19] Monforte de Lemos, Vilalba, O Barco, Xinzo de Limia, Verín, Lalín …

[20] Considerando todas as entidades colectivas (en Galicia, parroquias) e as entidades singulares que non están incluídas en ningunha entidade colectiva (áreas locais).

[21] ZPP: zona pouco poboada

[22] Ferrol, Narón, A Coruña, Santiago, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense.

se poderían considerar urbanos por ter unha poboación considerable ou por presentar unha importante puxanza económica.

Este aumento na concentración da poboación, continuo no transcorrer das tres últimas décadas, foi debido á emigración cara aos centros comarcais e ao conseguinte abandono dos núcleos máis pequenos. Tendencia á concentración que reflectía ben, como sinalabamos, a distribución territorial a nivel provincial e municipal dunha variable demográfica como a natalidade.

TÁBOA 4

Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2020

Unidade: Persoas
Espazo=Galicia

	Total	Homes	Mulleres
Total	2.700.269	1.299.371	1.400.898
0-4	91.173	46.971	44.202
5-9	107.957	55.888	52.069
10-14	116.882	59.937	56.945
15-19	110.810	57.071	53.739
20-24	108.408	55.464	52.944
25-29	122.303	62.042	60.261
30-34	140.992	70.616	70.376
35-39	182.238	91.267	90.971
40-44	225.199	112.025	113.174
45-49	217.803	108.295	109.508
50-54	209.016	102.320	106.696
55-59	196.714	95.656	101.058
60-64	183.089	88.104	94.985
65-69	163.706	77.831	85.875
70-74	159.256	73.444	85.812
75-79	130.453	57.368	73.085
80-84	101.960	41.051	60.909
85 e máis	132.310	44.021	88.289

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes
Nota: A data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro. Os datos do ano 2020 son provisionais.
21-04-2020

Sinalemos, verbo do impacto dos cambios das variables poboacionais na estrutura de idades, que a revolución demográfica desencadeada pola caída da mortalidade transformou a significación de todas as idades, empezando polas infantís, seguindo pola singularidade da adolescencia, a

prolongación da etapa de xuventude (moi marcada neste caso polas circunstancias do mercado laboral) ata o actual cambio radical da vellez. Reparemos en que a terceira e cuarta idade é hoxe a etapa da vida na que máis evidentes están a facerse as consecuencias do cambio demográfico. Por primeira vez accede á vellez a maior parte dos individuos nados de calquera xeración e o peso nunca visto das persoas maiores no conxunto da poboación elevou notablemente a importancia e a atención prestada á súa saúde. Os cambios seguen en marcha e parecen lonxe de concluír. Trátase de cambios que se insiren plenamente na onda demográfica mundial e forman parte da chamada "revolución reprodutiva" (Macinnes e Pérez, 2008), que sitúa a clave da modernización demográfica no salto cualitativo na eficiencia da reprodución cuxo desencadeamento se atopa na extensión e xeneralización de descendencias cada vez mellor dotadas, co consecuente aumento da súa supervivencia e, polo tanto, con menores requirimentos na fecundidade da seguinte xeración. Para Macinnes e Pérez a eficiencia reprodutiva "desencadeou un círculo virtuoso interxeracional, con melloras amplificadas nas sucesivas cohortes ata niveis sen precedentes".

Sabemos, dende os estudos de poboación, que non hai volta atrás no cambio demográfico aínda que o futuro se presente con certas doses de incertidume. E isto a pesar da aparente solidez das tendencias demográficas (debido á inercia que impón a estrutura por sexo e idade, é dicir, ao peso dos comportamentos do pasado), que fan do envellecemento da poboación unha pauta cantada.

A modo de coda final cómpre engadir unha reflexión acerca das "comunidades emocionais" que se mesturan na análise das dinámicas demográficas.

O feito de que as poboacións se identifiquen as máis das veces con comunidades emocionais –que marcan a identidade e as pertenzas dos

suxeitos- e que ademais os comportamentos demográficos sexan os eventos que marcan a vida de todos os individuos desde o nacemento á morte, pasando pola formación e disolución da parella, a reprodución biolóxica, ou os tránsitos vitais a partir dos cales se ordenan as sociedades (infancia, mocidade, madurez, ou vellez), carga de emotividade os argumentos demográficos, por non dicir a interpretación dos seus indicadores. Emotividade que se ve multiplicada cando se procede á previsión, creando escenarios de futuro frecuentemente distópicos, onde a tendencia observada no presente —respecto á fecundidade, ás migracións ou á mortalidade— convértese en "realidade ontolóxica", corréndose o risco de que a proxección desas poboacións virtuais, sen ter en conta outros factores continxentes, transforme un mero exercicio de cálculo nunha visión de futuro.

III

Temos a necesidade urxente de deslindar temas para poder abordar os retos reais que están a esixir medidas inmediatas no campo da sanidade e da atención á cronicidade, a dependencia, aos cambios na composición familiar, ao mercado de traballo, á educación, á emancipación da mocidade, á vivenda, á funcionalidade do medio rural...

Os cambios demográficos seguen en marcha e parecen lonxe de concluír. Afectan ao modelo de asentamento territorial, liderado por unha Galicia fundamentalmente urbana, aínda que unha parte significativa do seu territorio se cualifique de esencialmente rural. Faltan estudos dos efectos da transición enerxética e apenas están en marcha outros que abordan o tema, en conxunto, da economía ecolóxica e a poboación.

Sabemos que non hai volta atrás aínda que o futuro se presente incerto. A pesar da aparente solidez das tendencias demográficas a prospectiva é difícil. A próxima revolución tecnolóxica –a da segunda onda tecnolóxica

da Cuarta Revolución Industrial– está a transformar os comportamentos demográficos e a categorización das poboacións, conformando un mercado de traballo que reclama unha revolución no sistema educativo difícil de prever. Neste escenario Galicia ten oportunidades para situarse ao contar cun capital humano moi formado. Os seus niveis de formación académica son superiores ao conxunto de España. Ademais sitúanse nun nivel alto a taxa de mozos e mozas con competencia dixitais. Para explotar esta oportunidade faise urxente preparar á xuventude e adultos novos para a nova onda dixital e para recapacitar as competencias da xente que xa está no mercado de traballo.

Enfrontar os retos e os efectos das ondas tecnolóxicas sobre a economía e o traballo poden significar un indubidable efecto positivo no benestar e evolución da poboación. Non se limita a unha cuestión de recursos públicos (financeiros e humanos), implica a toda á sociedade. Debúxanse novos escenarios que demandan asemade proxectos ambiciosos de transformación da xeración do valor e do modelo de competitividade empresarial, especialmente nun tecido de emprendedores e emprendedoras como o galego con gran peso de microempresas e pemes. Os retos afectan igualmente á organización na prestación de servizos públicos que se demandan cada vez máis eficaces, flexibles e adaptados aos novos tempos. Líderes dos máis avanzados campos da innovación social e económica defenden que non hai hoxe mellor política pública que aumentar e mellorar os stocks de capital físico, humano, tecnolóxico, organizativo, emprendedor, innovador e social.

As actuais pautas da sociedade galega, como son a prolongación da vida e a baixa natalidade, inscríbense plenamente nesa onda demográfica xeral e compre entendela cos novos parámetros sinalados, poñendo o acento na perspectiva sistémica, esencial hoxe na comprensión e abordaxe do cambio demográfico. No tocante á prolongación da vida, é de salientar a

notable mellora da supervivencia nesa cuarta etapa da vida, o que ha outorgar nas próximas décadas (e nesa dirección xa se están a dar pasos importantes) un gran protagonismo tanto das persoas moi lonxevas como da fraxilidade e a cronicidade como temas clave na saúde colectiva. O cambio demográfico converteu á vellez actual na avanzada na que se están ensaiando as fórmulas da nosa futura saúde colectiva. Sen que consideremos a etapa da vellez como un todo homoxéneo, si cómpre introducirmos na nosa reflexión que se trata cada vez en maior medida dunha vellez formada por xeracións pioneiras que chegan en proporción crecente a un terreo descoñecido, o das grandes lonxevidades. En comparación coas xeracións precedentes teñen maior solvencia económica, formación, experiencia no exercicio dos dereitos e deberes dunha sociedade democrática, peso político, coñecemento, preocupación pola propia saúde...; circunstancias que xogan un papel importante no aumento da demanda sanitaria, se ben a xestión destas novas demandas, lonxe de afundir aos sistemas que a proporcionan, abren a posibilidade de impulsar a súa adaptación e mellora continua.

IV

APÉNDICE:
NOTAS SOBRE FOGARES E CAMBIOS NA COMPOSICIÓN FAMILIAR

Obsérvase claramente no espazo europeo que a medida que vai en aumento o número de fogares redúcese o seu tamaño medio. En 2019 había 195 millóns de fogares en Europa, un aumento de 13 millóns desde 2010. O tamaño medio deses fogares é cada vez menor. En 2010, o fogar medio

estaba composto por 2,4 persoas. Na última década descendeu paulatinamente ata situarse en 2,3 persoas en 2019.

FIGURA 7



Fuente: Eurostat

Ao redor dun terzo de todos os fogares está composto por unha soa persoa, o que representa un aumento do 19 por cento respecto a 2010. Obsérvase na UE 27 unha tendencia xeral cara aos fogares formados por parellas sen fillos, persoas que viven soas e familias monoparentais. Na maioría dos fogares non hai nenos e/ ou nenas, mentres que os fogares monoparentais aumentaron nun 13 por cento desde 2010.

A variación do número de fogares é un fenómeno en parte independente das compoñentes do crecemento da poboación. Con matizacións importantes pois se ben a natalidade non supón un aumento do número de

fogares a mortalidade si actúa directamente na mingua dos fogares unipersoais. Claro está que natalidade e mortalidade actuarán sempre producindo algunhas modificacións no tamaño, nos tipos e nas características dos fogares nos que incidan. As migracións pola súa parte, dependendo do seu carácter, poden ter unha repercusión directa cando se trata de migracións de fogares completos. No caso das migracións de persoas soas o seu efecto, máis que no número de fogares reflíctese no crecemento doutros tipos sen núcleo; así pensemos nas razóns de diversa natureza que levan a que os emigrantes nun período máis ou menos longo tras a súa chegada adoiten agruparse en fogares complexos nos que o vínculo fundamental, ademais da paisanaxe, é o de compartir os gastos da vivenda. A propósito das migracións cómpre engadir que estas poden ter un efecto retardado se chega a producirse o reagrupamento familiar.

As variacións nas formas de convivencia tamén poden traducirse na aparición de novos fogares e a desaparición doutros previamente existentes. Sucede así co fenómeno da emancipación, nos casos de formación e da ruptura de parella.

O aumento da esperanza de vida e o conseguinte efecto de envellecemento polo cumio do histograma de representación da estrutura de idades, como está a suceder a escala mundial, entraña a súa vez un incremento dos fogares unipersoais de persoas maiores que, non esquezamos, tenden a vivir soas ata idades cada vez máis avanzadas. O cambio de residencia cara un establecemento colectivo significa pola contra a desaparición dun fogar destas características.

Nos países da nosa contorna occidental ao descenso e retraso da fecundidade súmase o aumento dos fogares individuais de persoas que deciden vivir soas e o retraso na idade de formar parella. O incremento de rupturas de parellas constitúe outro factor de aparición de fogares

unipersoais e monoparentais ou monomarentais, mentres que a reconstitución de parellas pode producir o efecto contrario.

Cómpre destacar dun xeito especial as implicacións entre cambio familiar e cambios no mercado laboral e do sistema produtivo en xeral. Os calendarios vitais da constitución familiar, pero tamén dos coidados domésticos e familiares, gardan unha relación estreita coas taxas de actividade feminina, as condicións específicas de cada país na regulación do mercado de traballo, o tipo de ocupacións e de empresas, a flexibilidade dos empregos e os horarios laborais.

Estes cambios na dinámica sociodemográfica dos países avanzados reflíctense nunha estrutura na que cobra maior protagonismo o aumento do número de fogares máis pequenos e, xa que logo, asístese a unha progresiva redución do tamaño medio e un crecemento do número de fogares máis rápido que o da poboación. Así se pensamos en Galicia, no último período intercensal o crecemento da poboación galega foi do 2,8 mentres que o número de fogares incrementouse nun 15 por cento

Con todo, a composición dos fogares unifamiliares reflicte importantes mudas no seu contido, aínda que a súa forma continúe en gran medida sendo a mesma. Mudas que se suceden en función das diversas etapas da familia nuclear, xa sexa unha parella, un núcleo biparental ou unha persoa soa tras a emancipación dos seus fillos e a separación ou morte da súa parella.

É de salientar unha vez máis que os cambios que sorprenden hoxe en día veñen producíndose dun xeito paulatino, sen debuxar saltos abruptos. Así, se no último cuarto do século XX e os primeiros lustros do XXI o protagonismo na estrutura do fogar correspondíalle en Galicia ao fogar composto por unha parella cos seus fillos e/ou fillas, esta estrutura de fogar iría perdendo a

súa presenza maioritaria na nova centuria polo crecemento exponencial doutro tipo de fogares relacionados co enfraquecemento da formación familiar clásica e co envellecemento da poboación. Estase a falar do fogar composto por unha parella sen fillos e os fogares unipersoais.

Os fogares compostos por unha parella sen fillos triplicaron a súa presenza nestes anos, en tanto que os unipersoais hanse quintuplicado. En Galicia actualmente, catro de cada dez fogares son de parella con fillos; unha cuarta parte, de parella sen fillos, e outra cuarta parte, unipersoais. O resto están compostos fundamentalmente por fogares de núcleo monoparental e monomarental; e un pequeno grupo sen familia.

Na Enquisa Estrutural a Fogares (IGE, 2018) recóllese que a 31 de decembro de 2017 existían en Galicia 1.061.680 fogares, dos cales o 21,65 por cento correspondían a persoas que vivían soas. Os datos reflicten que a tipoloxía máis habitual é a formada por unha parella con fillos, que constitúe o 32,08 por cento do total de fogares. Por provincias, Lugo e Ourense son as que contan cunha menor porcentaxe de fogares desta tipoloxía, mentres que son as provincias onde a porcentaxe de fogares unipersoais é maior.

No 76,74 por cento do total dos fogares galegos (814.716 en números absolutos), non reside ninguén menor de 16 anos. A porcentaxe máis alta de fogares sen persoas menores de 16 anos dáse na provincia de Ourense (81,92 por cento) e a máis baixa en Pontevedra (73,44 por cento). Por outra banda, o 91,74 por cento dos fogares da comunidade autónoma non conta con ningún individuo menor de 5 anos.

O retrato das familias en Galicia pasa polos cambios sociais, económicos e culturais xurdidos nestas últimas décadas; existe unha redución do tamaño medio da familia, máis fogares unipersoais, pásase a convivencia de dúas xeracións en vez de tres.... Ao modelo coñecido como familia tradicional-familia nuclear-familia adaptativa, vánselle agregando pluralidade de

novas formas de familia: a familia deixa de identificarse mimeticamente co fogar- outra realidade- e adquire formas diversas tales como familia biparental, monoparental, reconstruída, sen descendencia, con descendencia propia /adoptada/ou por novo matrimonio ou parella de feito; e non só cambia a estrutura, senón tamén trazos básicos da súa composición.

Pese a este cambio nas dinámicas familiares, en Galicia como se analiza en Rodríguez et al (2008 e 2014), persiste a familia con funcións de apoio e solidariedade entre os seus membros, as redes familiares continúan funcionando, podéndose afirmar que a nosa contorna socio/cultural segue sendo profundamente "familista". A institución familiar, a pesar dos augurios que en décadas pasadas anunciaron o seu fin diante dos avances da "modernidade", segue ocupando un lugar central na vida da poboación, xa sexa mediante modalidades que aseguran a pervivencia de "vínculos fortes" ou doutras formas familiares nas que rexen os "vínculos débiles"[23].

Temos visto ao longo das páxinas anteriores como o cambio demográfico, o aumento da esperanza de vida e as novas tipoloxías de familia, están a variar as expectativas das persoas e as relacións entre xeracións. Asistimos a un alongamento da vida co que entraña tamén de aumento do tempo posible de relación, que non ten por que pensarse como unha relación estática nin menos que estea a se debilitar. A xeneralidade de estudos apuntan máis ben ao proceso de transformación que afecta as relacións intra e interxeracionais e ao mantemento de redes familiares de distinta intensidade.

[23] As diferencias dentro do espazo europeo entre países que manteñen vínculos familiares fortes (modelo "familista" de maior vixencia, en xeral, na Europa Mediterránea) e aqueles outros nos que dominan os vínculos débiles (norte e centro de Europa) responden á forma en que sentimentos e afectos se concretan en relacións sociais.

A medida que o número de persoas lonxevas vai en aumento tamén crece o interese sobre a natureza das relacións entre fillos/as e os seus proxenitores cando envellecen e, especialmente, entre estes ascendentes directos e a segunda xeración, a de netos e netas, xa que o rol de avoas e avós coidadores é unha figura que no caso de Galicia en particular, e de España en xeral, alcanza maior relevancia que noutros países europeos.

No caso da institución familiar atopámonos ademais co paradoxo de que aínda que a dispoñibilidade de recursos familiares para os coidados tende a reducirse, debido principalmente aos cambios na traxectoria de vida das mulleres – que afecta especialmente as xeracións adultas e ás novas- e na mesma concepción de "familia", a feminización do coidado (considerado sempre desde a óptica familiar) continúa sendo a realidade dominante. E esta tendencia corrobórase na atención que o colectivo de maiores dispensa, entre outros, ao coidado dos seus netos e netas e o apoio a fillas e fillos para o desenvolvemento da súa vida laboral.

A maior complexidade da vida social non oculta, senón que máis ben resalta, o papel central que segue representando a familia en relación ao "coidado", entendido na súa acepción máis ampla. E dicir "familia", especialmente se pensamos en xeracións hoxe lonxevas, enseguida suscita, aínda, a idea dunha institución social tradicionalmente configurada pola desigualdade xenérica, marcada por fortes asimetrías internas de poder – tanto do control dos recursos como do poder de decisión-, onde se levan a cabo unha pluralidade de actividades, esenciais para a reprodución económica e social, pero moitas veces invisibles e carentes de valoración económica, polo menos ata fai moi pouco tempo.

Sabemos que a familia en Galicia, do mesmo xeito que en España e nos países da Europa meridional, non deixou de actuar como "o principal e tradicional instrumento de apoio no coidado de persoas dependentes". A pesar da profundidade dos cambios experimentados pola sociedade

galega coñécese ben (grazas en especial á existencia de Enquisas de Emprego do Tempo de 2002-2003 do INE/IGE así como as de 2009-2010 do INE) a importancia que mantén a familia como lugar de produción. Permanece como a institución que protexe e asegura a supervivencia e o benestar dos seus propios membros, exercendo unha esencial función benefactora.

Poñer o acento na "solidariedade familiar" esixe recoñecer que esta "se sostivo en realidade na hiperactividade das mulleres que ademais de asumir as novas responsabilidades laborais continuaron absorbendo as cargas familiares".

Faise preciso poñer especial énfase en sinalar, pensando así mesmo no caso galego, como a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, o control da natalidade, o acceso á educación…, e a serie de mutacións culturais ás que asistimos revelan en que medida son elas o axente de cambio máis dinámico das sociedades contemporáneas.

En definitiva, analizar as modificacións na estrutura dos fogares e a súa interacción co proceso de envellecemento da poboación implica ter moi presentes as modificacións, de maneira especial, na traxectoria de vida das mulleres e as alteracións, e permanencias, de determinados roles de xénero.

É de salientar unha vez máis que os cambios que sorprenden hoxe en día veñen producíndose dun xeito paulatino, sen debuxar saltos abruptos. Así, se no último cuarto do século XX e os primeiros lustros do XXI o protagonismo na estrutura do fogar correspondíalle en Galicia ao fogar composto por unha parella cos seus fillos e/ou fillas, esta estrutura de fogar iría perdendo a súa presenza maioritaria na nova centuria polo crecemento exponencial doutro tipo de fogares relacionados co enfraquecemento da formación familiar clásica e co envellecemento da poboación. Estase a falar do fogar composto por unha parella sen fillos e os fogares unipersoais.

A comprensión da transición familiar en Galicia sería moi insuficiente sen resaltar outras transformacións de natureza socioeconómica, como o maior grao de formación das persoas mozas e a maior incorporación das mulleres ao traballo remunerado. Dispoñer de maior formación e de emprego posibilitou que esas xeracións de mulleres e homes teñan agora un deseño de vida semellante, transformando a organización e as relacións interpersoais dentro das familias. Enténdese que as novas expectativas en canto a educación e emprego atrasen a idade do matrimonio e a idade á que se ten descendencia, e cando esta acontece para as mulleres seguen sendo maiores as dificultades á hora de compatibilizar os coidados familiares e o traballo remunerado.

A teor destes cambios foron cobrando maior importancia os fogares unipersoais á vez que se continuaba o proceso xa coñecido de "verticalización da familia", aludíndose con iso á coexistencia de varias xeracións, aínda que non necesariamente convivindo baixo o mesmo teito, cada unha delas con poucos efectivos.

No contexto do noso réxime de benestar, integrado dentro do modelo mediterráneo, a familia desenvolve un labor intensivo e extensivo de produción e distribución de benestar dirixido aos seus membros, de todas as idades, que demandan distintos graos de atención. Neste labor, a familia mostra gran capacidade de adaptación, axustando e reaxustando os seus recursos e os da contorna ás condicións cambiantes que estes lle demandan. Nunha sociedade que cada vez opta por unha mellor calidade de vida e se desenvolve nos parámetros que definen o estado de benestar son dificilmente asumibles e asimilables as situacións de risco de pobreza e exclusión social que afectan a unha parte da súa poboación.

Cómpre insistir, nun momento de importantes cambios nas familias e nos fogares, na gran vitalidade e variedade de formas que mantén a institución familiar ao tempo que permanece como ámbito de seguridade, apoio e

axuda para os seus membros, e que se mostra capaz de incorporar traxectorias vitais máis complexas. As redes familiares, como ben se está a demostrar, conservan unha gran fortaleza, funcionando aínda que non se resida no mesmo fogar.

As enquisas reflicten como a mocidade valora, e cada vez máis, a convivencia interxeracional, o que convirte nunha necesidade reforzar as relacións interxeracionais dende o ámbito público para a construción dunha sociedade máis inclusiva en termos de equidade e xustiza.

A solidez da institución familiar resta todo fundamento ao temor a que os cambios familiares, e nos fogares, impliquen de seu unha perda dos valores afectivos e de solidariedade interxeracional e de protección dos seus membros máis vulnerables; valores que se consideran propios da institución familiar. Neste contexto, faise obrigado, antes ben, apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias.

BIBLIOGRAFÍA

Castro, T. et al. (2020): "La muy baja fecundidad en España: la brecha entre deseos y realidades reproductivas" en *Dossieres EsF n.º 36*

Domingo, A. (Ed.) (2020): *Demografía y posverdad*.

Dopico, F. (2013):"A demografía galega en perspectiva económica: descrición, análise e perspectivas" en X.L.Barreiro, M.Pascual, L. Araujo (coords.), *O reto demográfico de Galicia*, Santiago de Compostela, EGAP.

Fernández Cordón J.A., (1995): "La reproducción de las generaciones. Un marco de análisis", en *IV Congreso de la Asociación de Demografía Histórica*, Bilbao .

Fernández Cordón (ed.) J.A., (coord.)(2020): "Presentación. Demografía, cambios en el modelo reproductivo", en *Dossieres EsF n.º 36.*

Livi-Bacci, M. (1993): *Introducción a la demografía*. Barcelona, Ariel.

Losada Álvarez, A. (2000): "Les effets des mouvements migratoires sur les structures par ages. La Galice au XXe siècle" en Cahiers des Annales de Demographie Historique", nº 2 p. 55-69.

Pérez Díaz, J. (2020): "Cambio demográfico y natalismo" en *Dossieres EsF n.º 36*.

Rodríguez Galdo, Mª X.(1993): *Galicia, país de emigración*. Gijon, Archivo de Indianos. e 1995):

Rodríguez Galdo, Mª X.(1995): *O fluxo migratorio galego*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.

(2018):, presente mesmo no seu Decreto de creación. Nesta mesma dirección, o informe (2018)

Macinnes e Pérez, 2008),

Rodríguez Galdo, Mª X., Losada Álvarez, A. (2006): "Emigración y frenos malthusianos. Una lectura desde el análisis de las primeras fases de la transición demográfica en Galicia" en J. Claret Miranda (coord.), Miscellània Ernest Lluch i Martín, Barcelona, p.281-300.

Rodríguez Galdo, M. X. (Dir.)(2008): *Familia y usos del tiempo. Dinámica sociodemográfica y trabajo no remunerado de los hogares de Galicia*, Santiago de Compostela, Andavira.

Rodríguez Galdo, M.X. et al. (2010): *Galicia en la transición migratoria española. Presencia exterior y retorno (1991-2008)*. Madrid, Ministerio de trabajo e Inmigración.

Rodríguez Galdo, M.X. et al. (2014): *Donantes de Tiempo. Una valoración en perspectiva de género del trabajo de cuidados y de la aportación al bienestar por parte de las personas longevas.* Instituto de la Mujer. Recuperado de http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/estudios/estudioslinea2014/docs/Donantes_tiempo.pdf

Rodríguez Galdo, M.X (2018) (coord.): *Galicia Perspectivas Demográficas,* Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

Vinuesa, J. e Puga, D. (2017): *Técnicas y ejercicios de demografía*. Madrid, INE.